

Campaña

“Na defensa dos **nosos dereitos**, na defensa das **nosas vidas**”

Malia que os gobernos queren convencer repetindo deseguido que a situación económica non se está a traducir en recortes nos servizos públicos nin na coberturas sociais, a realidade que vivimos a maioría de nós deixa exemplos diarios desta perda de dereitos básicos a favor dunha minoría enriquecida que continúa sumando beneficios e mantendo os seus privilexios. Dentro da lóxica dos mercados, semella que poñer en perigo esta xenerosa marxe de beneficios sería moito máis desastroso que calquera tipo de recorte social.

Se detemos as nosas olladas no terreo das prestacións sociais básicas decatámonos da debilidade da súa cobertura. Segundo os datos da Xunta o número de RISGAs é de 5.115, que de media cobrarían algo menos de 400€mes. O orzamento destinado para este ano é tan só de 22 millóns de euros, para que comparedes o quilómetro das faraónicas obras do AVE a Galiza custa 60 millóns.

En Vigo os datos revelan que ata o mes de agosto había 1.111 perceptoras da RISGA, ás que a Xunta vai dedicar 5 millóns de euros, isto son migallas se o comparamos cos 85 millóns que custou o novo auditorio da cidade no que non cremos que entren as 29.320 persoas paradas da cidade.

Nesta realidade sobradamente vivida e contada temos que engadir:

- Para conceder unha nova RISGA hai que dar unha baixa. Os cartos que dedica a Xunta a prestacións sociais básicas lonxe de medrar -un mísero 3% na partida para este ano- quedan estancados. Pese a que non parar de aumentar os problemas económicos en Galiza, con 22.000 fogares nos que non entra ningún ingreso.

- Deixan de concederse AES para troco de vivenda, co argumento de que en Galiza temos a (im)posibilidade de acollernos a tan efectiva política de vivenda protexida.

- O endurecemento dos requisitos de acceso. A RISGA renóvase anualmente, nestes momentos todas as renovacións míranse con lupa co obxecto de limpala de impostores. Chama a atención o rápido que avanza o discurso de que moitas das perceptoras enganan ou defraudan á administración.

Cando escoitamos verbas coma fraude ou engano gustaríanos que antes se detiveran a mirar datos como o de que as grandes fortunas e empresas evadiron no Estado Español 42.711 millóns de euros no ano 2010. Se a isto engadimos que en Galiza hai 54.000 fortunas e que elas soas teñen nos seus petos 37.500 millóns de euros. As contas saen moi ben, a mágoa é que non a nós, xa que os cartos para que vivamos con dignidade seguen nas mans dunhas poucas.

Mentres rescatan á banca dos seus descalabros por especulacións de alto risco, ou miran cara outro lado ante as grandes empresas defraudadoras, queren facer crer que a RISGA só a cobran persoas vagas, e mentirosas que se dedican a defraudar polo que cómpre facer limpeza. Como se os nosos problemas viñeran de que a catro avispadas lles funcionen as súas pequenas trampas e estratexias de supervivencia, pola contra gustaríanos saber como hai que facer para pasar o mes con só 400€

Aqueles gobernantes que falan de perseguir o fraude nos perceptores de RISGA (e que tremen ante a perspectiva de declarar o seu patrimonio real) gustaríanos miralos facendo cabriolas para estirar 400€pagando luz, auga, alimentos, vivenda...; posto que a RISGA é incompatible con outros ingresos.

Eno caso de Vigo aínda temos que seguir vendo as nosas miserias encarnadas con maior crueza, na situación das persoas sen fogar que continúan sen ter o albergue na escola de hostelería, mentres o Concello, iso si, pechou o 31 de agosto o piso de inserción para mulleres, demostrando que si hai recortes nos gastos sociais en todas as administracións públicas.

E isto fai que á oficina achéguese cada vez máis persoas/familias agobiadas pola acumulación de facturas sen pagar de auga-luz-gas, con débedas de vivenda que moitas veces rematan en desahucio, etc. Todo mentres agardan meses e meses polas escasas axudas sociais ou na mellor das situacións tiran dos lazos familiares e sociais que aínda persisten, malia a debilidade das relacións comunitarias.

Cunha situación na que cada mes aumenta o número das persoas desempregadas e empobrecidas, é urxente corrixir os beneficios das multinacionais, da Banca e das grandes fortunas. A riqueza que xeramos socialmente e que unhas poucas usurpan para si, debe recuperarse para facer fronte ás crecentes necesidades sociais.

En resumo, estamos sobrevivindo coa que está a caer pero ata cando...

Vigo, setembro 2011



GRUPO
AXITACIÓN
SOCIAL

ODS - COIA
OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS - COIA

grupodeaxitaciónsocial.blogspot.com

odscoia.arkipelagos.net

Fontes: Instituto Galego de Estatística (IGE) - Consellería de Traballo e Benestar - Instituto Nacional de Estadística (INE) - Sindicato de Técnicos del ministerio de Hacienda - Axencia Tributaria

